



## A TABERNA DE HERMELO

Luis Chapela Bermúdez

**H**ermelo é como un oasis de fábula, como un rincho lonxe do tempo, do espazo, da vida mesma. A aldea de Hermelo xa non ten nin taberna aberta, nin ruídos na praza diante da igrexa, nin rapaces que xoguen as agachadas baixo os castiñeiros e carballos ou polas veigas de millo. Quizais teña que pasar algún tempo para que iso volva suceder, quizais aconteza mañá mesmo, ou pasadomañá. Todo é posible en Hermelo. O certo é que a taberna da Ernestina está pechada. O seu esposo, o Aniceto, levouno a Garda Civil aquela mañá, como presunto asasino. Cando a taberna se pecha, cousa que sucede moi poucas veces, á aldea fáltanlle os pulmóns, fáltalle o corazón. Por que atravesar o marco da porta, saír ao camiño e mirar ao redor, se xa non hai nin rapaces nin anciáns? Todos están dentro das casas. Cando a vella taberna pecha, Hermelo xa non é o mesmo, é outra cousa distinta. Sen a súa taberna perde personalidade e

encanto. Xa ninguén atopa entón un tema para falar acaloradamente, nin sequera as mesmas beatas se senten tan inspiradas á hora de facer as súas boas obras.

E todo porque aquela mañá enterraran o tipo máis tunante e chulo de toda a comarca. ¡O que son as cousas...! Por ese feito pechouse a taberna, e polo mesmo motivo ningún aliciente asomaba no horizonte das vidas da xente. Que tranquilidade! Que lugar máis durmido! Ata a campá maior do vello campanario da igrexa quedara como muda, medio tapada polas malas herbas e as hedras que desvergoñadas medraban e trepaban polas pedras do que fora o antigo mosteiro.

Máis alá do camposanto, pola estrada que sae da aldea cara a vila, un coche levaba a unha muller que ía chorando, mentres se afastaba deixando atrás parte da súa vida, á beira do camiño, a vella Palmira, a feiticeira, sabe quen vai dentro daquel coche de



*A aldea de Hermelo*


aluguer, sabe que os buratos do camiño frean a súa marcha ruidosa. Pero Palmira non é amante da presunción para dicirlles a todos o moito que ela sabe. Levanta o brazo, e grita:

Adeus, rapaza ! Adeus, miña filla!


O coche pérdese trala primeira curva, deixando tras de si unha densa nube de po.

Palmira segue a marchas forzadas, segue o seu camiño de sempre. Vai pensativa, apoiando o corpo no pau da destra. Ela sabe que os camiños, como a vida, son tortuosos; empinados unha veces, chans outras tantas. Sabe que despois da subida esgotadora vén a baixada. O camiño non ten secretos para ela; é unha alma dos sendeiros, que vai da man dos fados do destino. Nese camiñar a través dos campos, dos xuncos verdes, das papoulas vermellas, suceden as cousas máis insospeitadas; cousas como as de Xervasio, e as de Ernestina. Cando eses feitos forman parte do pasado, todo parece normal no recordo. Quizais sexa que os anos todo o arranxan. O recordo da vella é como un neno que medra baixo o peello curtido. As evocacións son a súa maior debilidade, véñenlle soas a mente.

Si, Hermelo ía quedando ás súas costas, diso estaba segura. Nembargante volveu a mirada repentinamente. Xuraría que a aldea enteira, coa igrexa vella, o campanario e as casas, seguían camiño adiante. Ah! Que cousas se lle ocorren a unha! Que parvada! Os pobos non camiñan: alí os poñen e alí quedan, como os mortos. Detivo a súa marcha e volveuse de novo. Dende aquel punto onde se atopaba botou unha última mirada ao barrio. Que pequerrecho parecía! Estaba afundido, como asfixiado entra as montañas que o circundaban. Buscou unha pedra na beira do camiño e sentouse nela. A vella trotamundos,



*Carballeira no Pouso das Cruces, camiño de Hermelo*



*Cruz do Monte Xestoso*

a pesar da súa profesión, xamais tiña présa. Sabía demasiadas cousas da vida para tela. Vaia se as sabía...! Que llo digan ao chulo.

Ela botáralle o mal de ollo enriba e ... En fin, o pasado ben pasado está. Que lle boten terra enriba ao pasado. O que Hermelo necesitaba era orde. Para iso terían que nomeala a ela alcaldesa. Outro galo cantaríase entón. Revolvería todos os Ministerios e todas as oficinas do Estado para conseguir a repatriación de todos os maridos que marcharon a América e se learon con mulatas; poría a pan e auga durante meses aos mozos que, como o Chulo, abusaba, enganaba e ría das mulleres, e despois andaba a contar as conquistas polas tabernas dos arredores.

Pero Palmira non podía ser alcaldesa. Non, non podía selo. Para iso necesitaba tirar de pluma, e ela de escritura non sabía gran cousa. A verdade é que non sabía nin facer un mal pau. Cousas sen importancia, dende logo, pero cousas que a unha non lle ensinaron. A Palmira cre no destino, nas aparicións dos defuntos en casos excepcionais, e no efecto certo das súas fórmulas de curandeira. Cría niso e en pouco máis. Os primeiros pasos se lle antollaban pesados. Tiña as pernas durmidas e os xeonllos inchados.

Golpeou as pernas co pau e botouse o saco ás costas, para non deterse máis.

Ao chegar ao alto da Cova do Raposo ía asfixiada. Unha suor viscosa empapáballe a fronte. Á vella, quen o diría!, viñéralle á cabeza os trazos perfectos da faciana de Xervasio, o chulo. Era como unha aparición súbita na quietude do souto.

Por todos os demos! —dixo ela.

E decidiu sentarse ao pé da gran cruz do Monte Xestoso.

Se unha tivera outros aqueles... Pero os anos son condenados. Mira que acordarme a estas alturas do cabrón ese... —dicíase para seus adentros—. No fondo sinto que morrera. Era un fulano de bigotes, esa é a verdade. Na aldea non queda un só coma el. Pero tiña que darse un escarmento gordo aos tipos da caste do Xervasio. Ah! Ao inferno con todos eles!

Apoiou a cabeza no cruceiro e foi perdendo lentamente a noción do tempo. Durmía en calquera lugar, tombada de calquera lado, a calquera hora do día. A présa non era a súa mellor virtude. Para que tela? Con anacos de pan, que nunca lle faltaban, uns grolos de “augardente” e unhas pasas saborosas, tiña suficiente para vivir a súa vida errante. Que outra cousa podía desexar unha pobre vella? Mentres descansaba podía soñar nun mundo de aparicións, de xentes estrañas, de defuntos que levantaban o cranio para botarlle unha mirada peregrina ao mundo dos vivos e as súas historias; historias de pobos solitarios, de lugares insospeitados como a aldea de Hermelo.

Esas cousas agradaban á vella Palmira: soñar

sempre. O soñar era mundo reservado a moi poucos, distinto; un mundo de xentes que pasaron xa a mellor vida, que nas tardiñas do outono ou nas noites do inverno vagaban en interminables procesións sen rumbo fixo. Quizais soñara que, entre eles, entre a multitude de fantasmas camiñantes, arrastraría o Chulo os seus pés, co bigote pelado e o pelo ao cero, igual que as sucias luces da taberna de Ernestina. Soñaría cos corvos amigos e as nubes inchadas do verán de Bueu que baixan sobre os piñeiros rumorosos. escoitaría o lamento etéreo da vella Fraga de Coiro, ese lamento cheo de humidade, que a un se lle mete no corpo como o fío dunha navalla. Na súa mente chea de fantasías miraría cousas estrañas, esas que ningún humano está preparado para ver a cotío. Cando regresara ao pobo, volvería á taberna da Ernestina. E mentres lle encheran a súa botella de inconfundible aspecto con caña da casa, iría narrando os seus soños do atardecer, ao pé da gran cruz da Esculca. Entón, despois do que lle sucedera ao Chulo, ninguén se atrevería a contrariala. E pobre do que o fixera!

Unha vez máis a vella feiticeira lanzaría aos catro ventos a súa historia. Sería unha historia estraña, unha visión de dramático contido e de espantoso desenlace. Entón de todas as partes do Morrazo e de máis alá chegaría xente ata a vella aldea, para escoitar en silencio e conmovidos ata a medula, as andanzas de Palmira, a soñadora dos camiños.

Esta e unha pequena homenaxe a esa xoia natural e rural, Hermelo.



*Aldea de Hermelo*